

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela na súa reunión do 5 de xullo de 2016, modificado polo mesmo órgano o 12 de maio de 2017 e o 10 de xullo de 2018, aprobou o texto refundido sobre o recoñecemento de créditos nos estudos de Grao ao abeiro do artigo 46.2.i da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade “**CULTUREARTE**” da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura e da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa do 30 de xullo de 2024, esta reitoría adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade “**CULTUREARTE**” organizada pola Asociación Universitaria Arosa - Colexio Maior Arosa en colaboración coa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, para ser imputada nos estudos de Grao da Universidade de Santiago de Compostela, cunha equivalencia de **1 ECTS**.

SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos que recoñece a presente resolución poderanse imputar aos alumnos que cursen estudos de Grao na Universidade de Santiago de Compostela.

TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Figurará como responsable académica universitaria María del Pilar Murias Fernández, Vicerreitora de Estudantes e Cultura.

Para os efectos de información os alumnos poderán dirixirse a: asociacionarosa@gmail.com // 981562149

CUARTO.- ACREDITACIÓN E RECOÑECEMENTO

Por pedimento dos interesados a responsable académica da actividade expedirá una certificación segundo modelo oficial para o recoñecemento. O código da actividade será **CT2425/3**.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán a solicitude de recoñecemento na Unidade de Xestión Académica ou a través da Secretaría Virtual, onde se lles expedirá o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015) polo Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.
--

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
05/08/2024 13:54:33.

CSV: 307D-180C-4904-BF9F